

## **MOCIÓN DE AER SOBRE AS EXPROPIACIONES EN NEGROS**

PLENO 27 FEBREIRO 2014. ACTA 3/2014

“Tendo coñecemento da publicación no BOE dun expediente de expropiación por parte de Fomento, que afecta a diferentes veciños da parroquia de San Estevo de Negros, e sabendo que entre os afectados se atopa o propio Concello de Redondela, entendemos que unha das función dos servizos municipais é facilitar e apoiar as xestións destes veciños na consecución dunhas contrapartidas xustas.

Temos tamén coñecemento que parte destas expropiacións teñen carácter temporal, e son continuación dunhas anteriores, sen que a día de hoxe foran aboadas as primeiras. Así pois, vaise proceder a unha expropiación continuada sen que se cumprira coas obrigas adquiridas hai uns cuantos anos respecto das anteriores expropiacións.

Por todo isto, propoñemos ao Pleno os seguintes **acordos**:

- 1) Que o obtido polos 20.000m2 que se lle expropian ao Concello de Redondela sexa investido na propia parroquia de Negros por seren eles os máis afectados.**
- 2) Facilitar asesoramento para que nas expropiacións se valore en función do aproveitamento potencial.**
- 3) Instar a Fomento para que antes destas novas expropiacións, se paguen as anteriores “totalmente.**
- 4) Instar a Fomento para que se restitúan as condicións orixinais dos terreos expropiados temporalmente.”**

### **VOTACIÓN E ACORDO.-**

O concello pleno, acordando a retirado do punto 1 da presente moción, e a matización do punto 2, contemplando o asesoramento colectivo nas expropiacións, e en votación ordinaria, aproba por unanimidade sendo vinte e un votos a favor (10 PP, 8 PSdeG-PSOE, 2 BNG e 1 AER), a moción sobre as expropiacións en Negros.